

Os musulmáns na Península ibérica (etapas políticas e realidade socioeconómica)

No ano 711, no contexto da expansión do Islam desde Oriente próximo e aproveitando a crise política e sucesoria do reino visigodo, un exército bérber enviado por Muza e dirixido por Tariq cruzou o estreito de Xibraltar e comezou a conquista do territorio ibérico, iniciándose o **dominio musulmán da Península**. Desde entón e ata a súa fin en 1492, a historia de **al-Andalus** atravesou por **diferentes etapas** en función dos cambios no sistema político:

1. Emirato dependente (714-756), sometido ao califato de Damasco, centro político e relixioso do mundo musulmán e gobernado pola familia omeia. En 750 a dinastía abasida fíxose co poder califal e eliminou á omeia, agás a Abd al-Rahman, que fuxiu a al-Andalus.

2. Emitado independente de Córdoba (756-929), creado por Abd al-Rahman I (que declarou a súa independencia de Bagdad, nova capital islámica, aínda que seguiu recoñecendo a autoridade relixiosa bagdadí) e que consolidou o poder islámico peninsular por medio de *razzias* contra os nacentes reinos cristiáns do norte.

3. Califato de Córdoba (929-1031). Abd al-Rahman III proclamouse califa, rompendo toda submisión ao califato de Bagdad e dando comezo á etapa de máximo esplendor e poder de al-Andalus no conxunto peninsular, grazas á existencia dun sistema político centralizado arredor do poder absoluto e hereditario do califa e baseado nunha eficaz administración xerarquizada (*hachib* -primeiro ministro- e *valís* -gobernadores-) e nun poderoso exército.

4. As taifas (1031-1086). Os conflitos sucesorios foron debilitando o poder califal ata que en 1031 se produciu a súa desaparición e disgregación política nunha vintena de reinos independentes, as taifas. Os enfrontamentos entre elas foron habituais, algo que aproveitaron os poderes cristiáns para obrigalas a pagar as *parias* a cambio de protección militar.

5. As invasións bérberes (1086-1232). No contexto de debilidade das taifas e de crecente avance dos reinos cristiáns, produciuse a chegada a al-Andalus de dous pobos conquistadores do Norte de África, primeiro os **almorábides** (1086-1144) e logo os **almohades** (1146-1232), que dominaron militarmente as distintas taifas e impuxeron unha estrita ortodoxia relixiosa.

6. O reino nazarí de Granada (1246-1492). Desde comezos do século XIII os cristiáns foron conquistando todas as taifas, coa excepción do reino de Granada, que, gobernado pola dinastía Banu Nasr ou nazarí, foi a única entidade política andalusí existente na Península desde 1246 e ata a derrota do seu último rei, Boabdil, polos Reis Católicos en 1492.

Ao longo destas etapas, a **realidade socioeconómica** de al-Andalus caracterizouse polo renacemento das cidades, convertidas en centros políticos, administrativos e económicos; polo predominio dunha economía comercial baseada na reactivación da artesanía, na mellora das técnicas agrarias (canles, noras...) e na introdución de novos produtos (arroz, laranxas...); e pola existencia dunha sociedade fortemente dividida en función da diversidade relixiosa (musulmáns, xudeos e mozárabes -cristiáns que vivían en al-Andalus-), étnica (entre os musulmáns había: árabes, bérberes, muladí -hispanos islamizados-) e

económica (nobres, comerciantes e artesáns, campesiños e escravos). Asimesmo, deuse un notable desenvolvemento cultural, científico e artístico, con importantes avances (papel, seda, xadrez...), destacados científicos e pensadores (Averroes) e extraordinarias construcións relixiosas e civís (Mezquita de Córdoba, Medina al-Zahra (Córdoba), Alhambra de Granada).